

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 31 de xullo de 2024 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de xullo de 2024, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de conexión dunha vía de concentración parcelaria coas estradas PO-531 e PO-301, clave PO/23/096.01.

Antecedentes:

O 19 de abril de 2024, publícase no *Diario Oficial de Galicia* núm. 78 o Anuncio do 8 de abril de 2024 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado de conexión dunha vía de concentración parcelaria coas estradas PO-531 e PO-301, coa clave PO/23/096.01, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

En virtude do disposto no artigo 55.6 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,

RESOLVO:

Publicar o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de xullo de 2024, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de conexión dunha vía de concentración parcelaria coas estradas PO-531 e PO-301, que se recolle como anexo a esta resolución.

Contra o dito acordo do Consello da Xunta de Galicia, que lle pon fin á vía administrativa, poderá formular un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que con carácter previo e potestativo poida formular un recurso de reposición no prazo dun (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CVE-DOG: 6lc9bsr8-cmt5-w0p3-cat5-noosmzozdjy1



No caso de ser un suxeito obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración para a interposición do recurso de reposición deberá empregar o modelo IF321B de recurso en materia de infraestruturas dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal/> ante a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2024

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

ANEXO

Acordo, do Consello da Xunta de Galicia, do 29 de xullo de 2024, polo que se aproba o trámite de información pública e o informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado de conexión dunha vía de concentración parcelaria coas estradas PO-531 e PO-301

1º. Aprobar o expediente correspondente aos trámites de información pública e informe das administracións afectadas do proxecto de trazado de conexión dunha vía de concentración parcelaria coas estradas PO-531 e PO-301, de clave PO/23/096.01, coas seguintes modificacións respecto do trazado sometido a información pública:

- No proxecto de construción, corríxrase a sinalización horizontal dos pasos de peóns nas estradas da Deputación de Pontevedra afectadas pola actuación e a sinalización vertical da glorieta de conexión coa estrada provincial EP-9511, de acordo cos criterios definidos desde a dita Deputación.

- Analizaranse as dimensións da franxa de acceso á parcela 36061A323100790000MU. En caso de que sexan insuficientes, corríxrase no proxecto de construción.

- Así mesmo, revisaranse os bens afectados da parcela 36061A323100790000MU, e en caso de que se omitise algún engadiranse no proxecto de construción.

2º. Aprobar definitivamente o proxecto de trazado de conexión dunha vía de concentración parcelaria coas estradas PO-531 e PO-301, de clave PO/23/096.01.

Consonte establece o artigo 23.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Vilanova de Arousa, no que se asentan as infraestruturas obxecto do proxecto, deberán adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no que

CVE-DOG: 6lc9bsr8-cmt5-w0p3-cat5-noosmzozdjy1



se establecen as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo dun ano e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado implica a declaración de utilidade pública, a necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes, dos préstamos necesarios para executalas e para reposición de servizos afectados, previstos no proxecto, así como para a replantación do proxecto e as modificacións deste que, de ser o caso, puidesen aprobarse posteriormente, e a urxencia da ocupación, todo iso para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, segundo o disposto no artigo 22.5 da Lei 8/2013, do 28 de xuño.

CVE-DOG: 6lc9bsr8-cmt5-w0p3-cat5-noosmzozdjy1

